



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n – bloque 5 – 3º planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS PARA A EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL NO QUE SE UTILICE A MARCA ARTESANÍA DE GALICIA E PARA A CERTIFICACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS POLOS SOLICITANTES DA CARTA DE ARTESÁN, “PROGRAMA RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES ARTESANAIS”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol Mª Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Artesáns o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Aga, para a edición do material coa marca *Artesanía de Galicia* e o almacenamento e posterior distribución do referido material aos obradoiros e establecementos de venda de artesanía autorizados para utilizar a devandita marca e as condicións para a eficiente realización dese cometido así como formalizar o proceso de certificación dos méritos alegados polos solicitantes da carta de artesán nos termos establecidos no artigo 12 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía

Que a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria será do 94,15% do orzamento total, polo importe de 257.870,00 euros (IVE incluído).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da dirección xeral de Comercio e Consumo, é o órgano da Xunta de Galicia que ten atribuídas as competencias en materia de artesanía, tal e como determinan os artigos 1 e 30 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, no exercicio das súas competencias, apoia as iniciativas conducentes ao desenvolvemento de todas aquelas actuacións que impliquen a promoción e potenciación da artesanía de Galicia e que incidan nun maior coñecemento e información sobre os produtos artesáns da nosa terra.

Entre tales actuacións cómpre destacar a promoción do uso da marca *Artesanía de Galicia* co obxectivo de reforzala como eixe vertebrador para a promoción e comercialización dos produtos artesáns e para adecuar o seu uso ás novas fórmulas de comercialización e tamén para protexer aos produtos artesáns do intrusismo profesional e a competencia desleal.

A Asociación Galega de Artesáns é a asociación profesional de implantación autonómica, de carácter multisectorial e con máis de cen asociados que conta cun dilatado historial de accións innovadoras en materia de promoción e desenvolvemento da artesanía.

Os obxectivos da Asociación Galega de Artesáns son a defensa e promoción das actividades artesanais en todas as súas vertentes, mellorando as condicións de exercicio dos oficios artesáns e colaborando no seu progreso.

Precisamente, a Asociación Galega de Artesáns colaborou coa Xunta de Galicia na creación da marca *Artesanía de Galicia* e conta coa acreditación como entidade colaboradora para a edición e distribución do material no que se utilice a devandita marca aos obradoiros artesáns e aos establecementos de venda de artesanía autorizados para utilizala, así como coa autorización para editar o referido material.

As dúas institucións comparecentes consideran de interese mutuo a colaboración na promoción, edición e distribución do material no que se utilice a marca *Artesanía de Galicia* co



obxectivo de seguir impulsando o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego xa que a marca xa se ten convertido nun eixe vertebrador da súa promoción e comercialización.

Por outra banda, o Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, regula o procedemento de obtención da carta de artesán como instrumento xurídico de recoñecemento da súa condición, creada pola Lei 1/1992, de 11 de marzo, de Artesanía de Galicia, que posibilita o acceso ao status propio de persoa artesá e ás axudas e accións que a Xunta de Galicia estableza. Deste xeito, a labor da Administración autonómica non só se circunscribe á elaboración dun documento administrativo senón que a concesión da Carta de Artesán convértese nun procedemento de recoñecemento de oficios a todos os efectos, poñendo en valor un sector cunha importancia social, cultural e económica incuestionable. O decreto sinala que para obter a carta de artesán, débese presentar unha certificación de ter superados cursos en centros de ensino cunha duración mínima de 500 horas, ou ter traballado nun obradoiro artesán cunha asistencia mínima de 500 horas ou exercer unha actividade artesán.

Considérase fundamental crear unha canle formal para proceder á certificación dos méritos alegados daquelas persoas interesadas en obter a carta de artesán e nos mesmos termos expresados para a xestión da Marca, AGA é o recurso idóneo para expedir as certificacións de cumprimento dos requisitos que prevé o artigo 12 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, aos efectos de presentación de solicitude de obtención de Carta de Artesán.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo convocará durante o ano 2019 un programa extraordinario de "Recoñecemento de Oficio" polo que as persoas interesadas suxeitas ao artigo 12.3 poderán solicitar a carta de artesán sendo AGA a entidade certificadora.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Sol María Vázquez Abeal
Directora xeral de Comercio e Consumo.
(Asinado electronicamente)

